

R. Lorenzo Vázquez (2013): “A visión de Santiago nalgunhas crónicas medievais”, en Santiago López Martínez-Morás / Marina Meléndez Cabo / Gerardo Pérez Barcala (eds.): *Identidade europea e intercambios culturais en el Camino de Santiago (Siglos XI-XV)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 247-262.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

## A VISIÓN DE SANTIAGO NALGUNHAS CRÓNICAS MEDIEVAIS

**Ramón Lorenzo**

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Hai algúns anos falei da visión de Galicia nas crónicas medievais (LORENZO, 1999) e neste traballo, tal como se me pediu, referireime á visión de Santiago nos mesmos textos. Desta maneira terei ocasión para falar da concepción da historia nas crónicas, do Camiño de Santiago, das peregrinacións e dalgúns milagres atribuídos ó apóstolo Santiago.

O suposto descubrimento do sepulcro do apóstolo Santiago no reinado de Afonso II, o Casto, nun monte moi espeso, a oito millas de Iria, como se di na *Crónica de Iria* (CARRO GARCÍA, ed. 1951: 42; SOUTO CABO, ed. 2001: 56, 101), deu lugar ó nacemento de «Compostelle, esta es Sanctiago» (PCG: 299a, ll. 44-45; Cr. 1344, II: 279: «Campustelle»), que axiña se converteu nun centro de atracción tan importante coma Roma e Xerusalén, ó que acudían xentes de moitas partes de Europa por ser un símbolo da loita contra os árabes na Península e da defensa da cristiandade contra o Islam.

Esta importancia da cidade non se ve reflectida nas crónicas, porque todas elas foron concibidas desde un punto de vista semellante, precursor do que andando o tempo pasou a ser un nacionalismo centralista. Se collémo-la *Historia Silense* (HS), o *Chronicon Mundi* de Lucas de Tui (CM; CE), a *Historia de rebus Hispanie* de Ximénez de Rada (HRH) ou a *Estoria de España* de Afonso X (PCG) vemos que os autores se van copiando uns ós outros e seguen unha única liña de actuación, que se desenvolve de maneira especial na obra de Afonso X e nas crónicas que se elaboraron despois da súa morte. O rei castelán, alén das obras que acabo

de citar, utilizou toda clase de fontes para a súa historia, tanto latinas coma romances ou árabes, pero tivo en conta ante todo textos de Castela, algúns deles dunha maneira esaxerada e arbitraria, posto que, como para a súa concepción da historia todo era válido, introduciu moitas lendas e cantares épicos, aceptando coma históricos episodios de carácter fantástico incluídos nestes cantares. As fontes principais da periferia descoñecíaas ou non as quixo utilizar e de aí a visión parcial e limitada de Galicia e doutras comunidades.

Afonso X, seguindo a Ximénez de Rada (*HRH*), concibe a historia de España coma unha unidade e non coma un conxunto dos feitos de cada reino. Para el só hai unha España única e tódolos acontecementos que se contan na súa *Estoria*, e en tódalas que veñen despois del, están en función desta unidade. Comezada a Reconquista, as crónicas contan a historia partindo dos reis de Asturias (continuadores dos godos), que despois se converten en reis de León e finalmente en reis de Castela. Polo tanto, establécese unha continuidade e o cómputo dos reis faise sumando desde o primeiro rei de Asturias en diante. Todo se ve desde Castela e non se teñen en conta as incongruencias na numeración dos reis, coma cando Afonso VII, o Emperador, dividiu o reino entre os seus fillos Sancho e Fernando, xa que Sancho III (1157-1158) e o seu sucesor Afonso VIII (1158-1214) só foron reis de Castela, mentres que Fernando II (1157-1188) e Afonso IX (1188-1230) foron reis de León e Galicia. Como Sancho III e Afonso VIII nunca foron reis de Galicia, para nós Afonso IX de León e Galicia debería chamarse Afonso VIII; Afonso X, o Sabio, en realidade, debería ser Afonso IX e o seu fillo Sancho IV debería ser Sancho III. Os outros reinos da Península non se teñen en conta na sucesión cronolóxica dos feitos nin no cómputo dos reis de España e as referencias a eles sitúanse todas xuntas nun momento determinado e só porque entran en relación con Castela. Así, aparecen os reis de Navarra, Aragón e Portugal, todos eles cunha enumeración independente.

Da *Estoria de España* de Afonso X, antes chamada *Primera Crónica General* (cf. CATALÁN, 1992; FERNÁNDEZ-ORDÓÑEZ, ed. 1993), e da posterior *Crónica de Castilla* (*CC*, ms. 1347, ms. 7403) fíxose unha tradución ó galego (*CG*) e poderíamos pensar que un tradutor galego fose capaz de remodela-lo contido do orixinal e dar noticias referentes a Galicia, pois había máis dun texto que lle podía ser de utilidade, pero non o fixo e dedicouse a reproducir fielmente o texto que presentan as *Crónicas* castelás. Adoptou, en cambio, unha postura nacional o Conde de Barcelos na remodelación contida na *Crónica Geral de 1344* (*Cr. 1344*), baseada na citada tradución galega, pois o conde utilizou novas fontes, refundiu

algunhas partes e deulle unha grande importancia ós novos reis de Portugal. Tamén a *Crónica Galega de 1404* (*Cr. 1404*), que reproduce a *CG* e a completa con outras fontes, introduce en ocasións algunhas noticias relativas a Galicia.

Nos primeiros tempos da Reconquista xa había conciencia dunha unidade diferencial na nosa terra. Os nobres galegos pertencían ó reino de Asturias e despois ó de León, pero pouco dependían dos reis primitivos, eran bastante independentes e interviñan nas loitas dinásticas, sublevándose en moitas ocasións contra os soberanos alleos e nomeando reis propios. Con todo, non se conseguiu chegar a unha situación política de independencia total e duradeira, e Galicia quedou co tempo illada no occidente sen proxección cara ó interior, porque alí estaban Asturias e León, e tampouco cara ó sur pola emerxencia de Portugal.

O rei Afonso VI foi nefasto para nós, pois negoulle ó seu irmán García I a posibilidade de ser rei de Galicia e ó mesmo tempo foi o culpable da partición definitiva da *Gallaecia* en dúas metades a finais do século XI: a actual Galicia e a rexión ó S. do Miño, que pasou a chamarse Portugal. Xa no século XII estamos ante unha época transcendental coa emerxencia do condado de Galicia con Raimundo de Borgoña e dona Orraca, despois deles coa elevación a rei de Galicia do seu fillo Afonso, o futuro Afonso VII, e coa enorme importancia de Compostela baixo o dominio do arcebispo Xelmírez. Se botamos unha ollada ás crónicas latinas ou á de Afonso X, vemos que case non se fai referencia a este período fundamental nin se indica a partición de Galicia e só se cita nunha ocasión a Xelmírez.

Na obra de Afonso X, na *Crónica de Castilla* e na tradución galega non se fala nunca dos condes de Galicia nin da súa actuación en Santiago. É certo que se cita en distintos lugares o conde Raimundo de Tolosa (non se di de Borgoña), pero por outros motivos: para indicar que era xenro de Afonso VI porque estaba casado con dona Orraca, que era pai do emperador Afonso VII, irmán do papa Calixto II e curmán do conde D. Henrique, ou que actuou como alcaide na querela do Cide contra os condes de Carrión (*PCG*: 520b, ll. 33-36; 521a, ll. 37-40; 545b, ll. 13-16; 617b, ll. 27-32; 622b, l. 6; 623a, l. 10; 624a, ll. 5-6; 625a, ll. 18-19; 644a, ll. 29-31; 644b, ll. 28-29; 649a, ll. 39-42; *CC*, ms. 1347: ff. 202r<sup>o</sup>b; 226v<sup>o</sup>a; 234v<sup>o</sup>b; 328r<sup>o</sup>a; 337r<sup>o</sup>a; 338r<sup>o</sup>b; 340r<sup>o</sup>a; 374v<sup>o</sup>a; *CC*, ms. 7403: ff. 31v<sup>o</sup>b-32r<sup>o</sup>a; 45v<sup>o</sup>a; 49v<sup>o</sup>b; 104v<sup>o</sup>a-b; 110r<sup>o</sup>a; 110v<sup>o</sup>b; 112r<sup>o</sup>a; 135v<sup>o</sup>a-b; *CG*: 286-287, 407, 450-451, 465, 617, 630, 633, 635, 677, 685. Cf. *HRH*: 201, 202, 211, 217, 218, 223, 225). Fronte a estes textos, na crónica portuguesa desenvólvese máis o tema e xa se fala desde un principio do condado de Portugal (*Cr. 1344*, IV: 3 ss., 214 ss.), indícase que o conde D. Henrique fora a Santiago para honrar ó conde

D. Raimundo, seu curmán, no casamento con Orraca e para facer romaría, e que Afonso VI o casara con Tareixa porque era de gran nobreza e o mellor home de armas coñecido (*Cr. 1344*, IV: 3, 214-215)<sup>1</sup>.

Tampouco é moita a información que nos subministran as crónicas sobre os anos que pasou o futuro Afonso VII en Galicia e limítanse a unhas cantas referencias á súa infancia. Así, cando se fala do casamento de Afonso I de Aragón coa raíña dona Orraca, na *Crónica de Castilla* e despois na tradución galega, dise que desta raíña e do conde D. Raimundo, o seu primeiro marido, quedara un fillo ó «que disseron o conde don Afonso», que foi emperador de España e naceu en Galicia, en Caldas de Reis, onde o criaron o arcebispo D. Diego (o primeiro arcebispo de Santiago) e o conde D. Pedro de Traba (*CG*: 287)<sup>2</sup>. Esta mesma noticia aparece noutro lugar nas crónicas e neste caso é máis precisa a crónica castelá, que di:

El conde don Pedro de Traua criava estonces en Gallizia a don Alffonso, que era pequenno, que fuera fijo del conde don Remond et desta donna Vrraca, fija deste rey don Alffonso; et el rey don Alffonso non amara al conde don Remond nin cataua por aquel su fijo (*PCG*: 644b, ll. 23-29)<sup>3</sup>.

Afonso X segue a Ximénez de Rada, onde se pode ler: «Hiisdem diebus Aldefonsum paruulum filium Raymundi comitis et Vrrace comes Petrus de Traua in Gallecia nutriebat; de quo, quia comes Raymundus non fuerat in regis oculis graciosus, quasi eius inmemor non curabat» (*HRH*: 218). Fronte a estes textos nas crónicas occidentais está mal interpretado, pois na galega aparece «este neto del rey criáuao o conde don Pedro. E el rey non amaua este conde nen cataua por seu fillo» (*CG*: 678) e, na portuguesa, «criava aquelle don Afonso, neto del rey, o conde don Pedro. El el rey non amava este conde nen catava por seu siso» (*Cr. 1344*, IV: 197).

Resulta incomprendible que os cronistas latinos e despois Afonso X non tivesen máis en conta a Santiago e non utilizasen algúns textos fundamentais do

1 As referencias a D. Henrique son confusas, pois a *PCG* (521a, ll. 37-38) di «conde don Henric de tierra de Costantinopla» e a *CC* (ms. 1347: f. 202r<sup>o</sup>b; *CC*, ms. 7403: f. 31, v<sup>o</sup>b), «conde don Enrique de Costantinopla», mentres que a *CG* (407) traduce mal e fala de «dona Tareyia, que foy casada conno emperador de Costantinople». Trátase dun erro, pois Henrique foi conde de Portugal e era natural da Borgoña. Na *HRH* (202) dise «comes Henricus ex partibus Bisontinis».

2 O tradutor galego inclusive erra no nome, pois chámalle «don Pedro de Caura», mentres que a crónica portuguesa acerta con «Trava», pero pon «Caldas de Rei» (*Cr. 1344*, III: 260). Falta isto na *PCG*.

3 Tamén está ben na *CC*, ms. 1347: f. 369r<sup>o</sup>b; *CC*, ms. 7403: f. 131v<sup>o</sup>b.

século XII como a *Historia Compostellana* (FALQUE REY, ed. 1988; trad. 1994) ou o *Codex Calixtinus* (HERBERS – SANTOS NOIA, eds. 1998), especialmente Lucas de Tui e Afonso X, que seguramente os coñecían ou polo menos o primeiro deles.

Compostela non recibiu un trato especial nas crónicas, pero aparece nelas frecuentemente, debido ás continuas romarías que facían reis e grandes señores á cidade ou por outros moitos feitos. Con todo, un lector que non teña un coñecemento previo da importancia da cidade non entenderá por que se fan estas romarías ou por que se lle conceden á cidade privilexios da máxima categoría.

Sobre o apóstolo indícase que no 7º ano de Traxano soterraron «a sant Yago, el fijo de Zebedeo, en la torre de Marmerica, et depues por la uertud de Dios fue aducho a Gallizia, que es la postremera prouincia de Espanna» (*PCG*: 144a, ll. 46-50; *Cr. 1404*: f. 16v<sup>o</sup>). Tamén na xeografía que inclúe a *Cr. 1404*, ó falar de Galicia, di que «alý he na máis fin daquela provjncia o corpo do apóstollo Santiago» (*Cr. 1404*: f. 110r<sup>o</sup>) e, ó referirse a Herodes, indica que «mandó descabeziar a Santiago apóstollo, del qual se agora aliegra Gallizia con toda la España» (*Cr. 1404*: f. 14r<sup>o</sup>). En cambio, nada se di do descubrimento do sepulcro nin da fundación da cidade, asuntos que se poderían ter tomado, igual có do traslado do apóstolo, da *Historia Compostellana* (FALQUE REY, ed. 1988: 7-9; trad. 1994: 66-70), como se fixo na *Crónica de Iria* (CARRO GARCÍA, ed. 1951: 41-43; SOUTO CABO, ed. 2001: 55-56, 101-102). Dísenos, sen máis, que Compostela mudou o nome en Santiago e que, entre as mudanzas na estrutura eclesiástica, está o cambio do arcebispado de Mérida para Santiago (*PCG*: 299a, ll. 44-46; *Cr. 1344*, II: 279; *Cr. 1404*: ff. 36r<sup>o</sup>, 87v<sup>o</sup>), sen que se nos expliquen as razóns de tal cambio, aínda que a *Cr. 1404* engade que o arcebispado «foy depouys mudado en Santiago por onrra do apóstollo» (*Cr. 1404*: f. 99v<sup>o</sup>).

Entre as noticias que se ofrecen está o feito de que os condes de Galicia alzaron rei en Santiago a don Vermudo (o futuro Vermudo II) en contra de Ramiro III (*HS*: 171; *HRH*: 160; *PCG*: 430b, ll. 20-21, 30-33; *CG*: 174-175) ou como os normandos entraron en Galicia, destruíron canto acharon ata o Cebreiro, mataron a don Sisnando, o arcebispo de Santiago, fixeron moito dano na cidade e que, cando quixeron regresar á súa terra, saíu contra eles o conde D. Gonzalo (*Guillelmus* na *HS*: 171) Sánchez, «chamando o nome de Deus e Santiago», para vencelos e queimárille-las naves (*PCG*: 424b, l. 47-425b, l. 24; *CG*: 161-162; *Cr. 1344*, III: 108-110)<sup>4</sup>.

4 Tamén nos textos latinos da *HS*: 171; *CM*: 265; *CE*: 322-323; *HRH*: 159.



As noticias sobre Santiago interesan moitas veces cando se trata de feitos lendarios e fabulosos, porque neste caso se narran con certa extensión, aínda que seguimos sen saber con claridade que importancia tiña a cidade para recibir tantos dons. Así ocorre no reinado de Ramiro I, cando este rei decide pelexar cos mouros no ano 822 por lle reclamaren o tributo das cen doncelas e ten lugar a suposta batalla de Clavijo, na que o rei roga a Deus que lle acorra, adormece e aparécelle en soños o apóstolo Santiago para dicirlle que o verán ó día seguinte na batalla coma un cabaleiro. Cando estaban no peor da batalla, chegou o apóstolo, comezou a bater nos mouros e esforzou os cristiáns, que comezaron a atacalos inimigos berrando «Deus axuda e Santiago», berro que desde entón se converteu en usual. Así se di en Lucas de Tui (*CM*: 239; *CE*: 291-292) e no Toledano (*HRH*: 133) e despois xa nas crónicas romances (*PCG*: 360a-361a; *CG*: 6-8; *Cr. 1344*, II: 401-405; CARRO GARCÍA, ed. 1951: 54-56; SOUTO CABO, ed. 2001: 64-66, 110-112). De aí veñen os votos a Santiago establecidos polo rei, que serviron para enriquece-la igrexa (*CM*: 240; *CE*: 292-293; *HRH*: 133; *PCG*: 361a, ll. 23-52; *CG*: 9; *Cr. 1344*, II: 405-406).

A partir deste momento os reis favorecen a Santiago e isto vémoslo en distintos lugares das crónicas. Así, estas recollen a noticia (xa está na *HS*: 151; *CM*: 248; *CE*: 302; *HRH*, 139) de que Afonso III no ano 839 fixo a igrexa de pedra tallada, con «pías» (*PCG* «pilares») de mármore, porque antes estaba feita de terra (*PCG*: 369b, ll. 29-31; *CG*: 30-31)<sup>5</sup>, e que no ano 868 mandou facer sobre o corpo de Santiago unha capela «de muy fremosa obra» e que lle deu moitas herdades e doas á igrexa (*PCG*: 378b, l. 49-379a, l. 3; *CG*: 54; *Cr. 1344*, II: 453). As crónicas cóntannos, ademais, que este rei, despois de abdicar, foi en romaría á cidade (*HS*: 162; *HRH*: 143; *PCG*: 382b; *CG*: 63; *Cr. 1344*, II: 462).

Esta situación especial de Santiago tamén se ve nas dúas cartas que o papa Xoán IX lle enviou a Afonso III, nas que destaca a súa condición de rei de Galicia e lle manda que tódolos bispos de España consagren a igrexa de Santiago e que faga alí un concilio. O rei obedece, fai consagra-la igrexa e reúne a tódolos nobres e fidalgos e a tódolos bispos (*HRH*: 140-141; *PCG*: 380a, l. 39-381b, l. 24; *CG*: 58-61; *Cr. 1344*, II: 457-459).

Outro feito relevante nas crónicas é a chegada de Almanzor a Santiago, que anacronicamente entrou en Galicia por Portugal cando este non existía e

5 A *Cr. 1344* (II: 396) só ten un resumo do reinado de Afonso III na xenealoxía que fai dos reis e nel di que fixo a igrexa de Santiago de Galicia, engadindo erroneamente que o rei «jaz em Sanctiago».

destruíu a cidade e a igrexa, entrou no lugar onde estaba o sepulcro do apóstolo para quebrantalo e non puido porque se asustou ó estourar un raio ó seu carón. Aínda así, colleu as campás menores e levounas para Córdoba, onde estiveron longo tempo servindo de lámpadas na mesquita (*CM*: 270; *CE*: 329; *HRH*: 165; *PCG*: 448b-449a; *CG*: 217)<sup>6</sup>. Con máis extensión aparece a narración na *Cr. 1344*, para quen Almanzor quebrantou o sepulcro do apóstolo e sacou de alí os ósos e de seguida foi espantado por unha visión, «ca foy feito hũu muy grande arroydo que ferío a par delle». Desta maneira esqueceuse dos ósos, pero tomou as portas e as campás, levounas para Córdoba e puxo as campás de lámpadas na mesquita. Despois acrecenta que, por esta razón, tomaron os ósos do apóstolo Santiago e os soterraron escondidos nun lugar que poucos coñecen. Segundo a *Crónica*, as portas e as campás estiveron en Córdoba ata que Fernando III tomou a cidade e enviou as campás de volta a Santiago, deixando as portas no lugar onde estaban para que os que facían penitencia e as vían cada día tivesen sesenta días de perdón (*Cr. 1344*, III: 185-186)<sup>7</sup>. Como non podía ser menos en textos de tanta invención sobrenatural, Almanzor pagou polo seu atrevemento, pois antes de saír de terras de Santiago el e os seus colleron unha disentería que case os aniquilou (*CM*: 270; *CE*: 329; *HRH*: 165; *PCG*: 449a, ll. 3-18; *CG*: 217; *Cr. 1344*, III: 186). Desaparecido Almanzor, Vermudo II refixo a igrexa de Santiago e o mesmo fixo máis tarde Fernando I (*HRH*: 166, 193; *PCG*: 451a, ll. 12-17; 492a, ll. 1-2; *CC*, ms. 7403: f. 11<sup>bis</sup>r<sup>o</sup>b; *CG*: 223, 343; *Cr. 1344*, III: 191-192, 330).

Algo semellante a Almanzor xa lle pasara no ano 961 ó rei mouro Alcorexi, que correu e estragou toda a terra de Portugal (*sic*) ata Santiago, pero acorreu ós cristiáns a mercé do apóstolo, pois sufriron os mouros a enfermidade da disentería e morreron case todos (*PCG*: 443a; *CG*: 202; *Cr. 1344*, III: 172), narración na que as crónicas distorsionan a Ximénez de Rada, pois este di que entraron por aquela parte de Galicia que agora se chama Portugal (*HRH*: 160).

6 Non se fala das campás na *HS*: 172, 175. No resumo que precede á 2ª parte da *CG* só se di que Almanzor chegou a Santiago, tomou as campás e as levou a Córdoba (*CG*: 902) e na *Cr. 1344*, cando fai unha xenealoxía dos reis de Asturias e León, di que no tempo de Ramiro III e Vermudo II entrou Almanzor na terra e que destruíu as igrexas, os mosteiros e a igrexa de Santiago con todo o que achou (*Cr. 1344*, II: 397). Unha versión diferente témola na *Crónica de Iria* (CARRO GARCÍA, ed. 1951: 62; SOUTO CABO, ed. 2001: 70-71, 116).

7 As crónicas volven falar do tema das campás no reinado de Fernando III (*PCG*: 733b, ll. 33-34, 41-47; 734b, ll. 1-19; *CC*, ms. 1347: f. 448v<sup>o</sup>a; *CC*, ms. 7403: ff. 182v<sup>o</sup>a; 183r<sup>o</sup>b; *CG*: 814, 816; *Cr. 1344*, 1990: 412, 413, 414). Tamén na crónica romanceada de Lucas de Tui (*CE*: 430) e en Ximénez de Rada (*HRH*: 299-300).

Aínda hai outra particularidade que nos fala da importancia de Santiago. É o feito de que aínda hoxe se conservan na Capela das Reliquias da Catedral as tumbas de varios personaxes rexios, cousa que aparece reflectida nas crónicas, aínda que de maneira parcial e sen unanimidade, posto que algunhas só indican que Fernando II finou en Benavente e foi soterrado na igrexa de Santiago (CC, ms. 1347: f. 396v<sup>o</sup>b; CC, ms. 7403: f. 151r<sup>o</sup>a; CG: 723; Cr. 1344, IV: 290), mentres que outras son máis explícitas e engaden que o enterraron en Santiago, ó lado de seu avó, o conde D. Raimundo, e da emperatriz dona Berenguela, súa nai (HRH: 246; PCG: 676b, ll. 19-23). Tamén o seu fillo Afonso IX foi soterrado na mesma catedral (CE: 425; HRH: 295; PCG: 722b, ll. 4-6; Cr. 1344, IV: 389).

Tendo en conta como eran tan dados á fantasía e a crer na intervención divina nos actos humanos, non debe estrañar que as crónicas lle concedan grande importancia a feitos imaxinarios e que se conten como acontecementos transcendentais. Lembrémo-lo episodio do arcebispo de Santiago a quen acusaran uns serventes de que prometera ós mouros converterse á relixión de *Mafoma* e darlles Galicia. O rei Vermudo II mandou ir o arcebispo a *Ovedo*, ó tempo que fixo traer un touro bravo da montaña para que o matase. Xa en *Ovedo*, o arcebispo celebrou a misa e, revestido coa vestimenta con que a celebrara, dirixiuse para o lugar onde estaba o touro. Este achegouse a el con humildade, deixoulle os cornos nas mans e arremeteu contra os que rían e escarnecían ó arcebispo, matando e ferindo moitos deles, mentres o arcebispo tornaba á igrexa cos cornos na man para poñelos ante o altar. O arcebispo, sen facer caso do rei, tentou regresar a Santiago, pero enfermou e morreu no camiño e, aínda que o quixeron levar, non o conseguiron porque se lles fixo moi pesado e tivérono que enterrar na igrexa de Santa Olalla. É un relato fantástico que xa aparece na *Historia Compostellana* (FALQUE REY, ed. 1988: 9-10; trad. 1994: 71-72) e no *Chronicon Iriense* (ca. 1090), de onde pasou para a *Crónica de Iria* (CARRO GARCÍA, ed. 1951: 48-50; SOUTO CABO, ed. 2001: 59-61, 106-107), para o *Liber Chronicorum ab exordio mundi usque eram MCLXX* do bispo Pelagius de Oviedo e outras crónicas latinas, para Lucas de Tui (CM: 266-267; CE: 324-326), para Ximénez de Rada (HRH: 161)<sup>8</sup> e despois para as crónicas romances (PCG: 443a-444b; CG: 203-206; Cr. 1344, III: 172-175).

Todo ten que ser sobrenatural e nas batallas e conquistas os cristiáns contan sempre coa axuda do apóstolo Santiago, o Santiago Matamouros, que na arte medieval parece que tarda máis en ser representado. Un feito famoso pola súa gran

propagación foi o da conquista de Coímbra por Fernando I. Sabemos pola historia que o rei de Castela reconquistou moitas cidades, pero para as crónicas iso non só o conseguiu pola forza das armas senón tamén pola intervención fabulosa de Santiago. Xa antes da conquista se nos di que Fernando I fora noutra ocasión en romaría a Santiago (CC, ms. 7403: f. 4v<sup>o</sup>a; CG: 319; Cr. 1344, III: 307) e que máis tarde, unha vez tomadas Viseu e Lamego, decidiu conquistar Coímbra, polo que antes volveu a Santiago (xa na HS: 190-191; na CE: 349, e na HRH: 189) por suposto consello do Cide, e estivo alí tres días en oración pedíndolle a Deus axuda. Despois regresou a Coímbra, tívoa cercada sete anos e conquistouna. Conseguido isto, volveu a Santiago para agradecerllo ó apóstolo e deulle moitos dons á igrexa. A conquista dá pé para narrar unha lenda coñecida desde o século XII, pois constitúe o milagre nº XIX do *Codex Calixtinus* (HERBERS – SANTOS NOIA, eds. 1998: 175; LÓPEZ DÍAZ, trad. 2009 [2010]: 368-369), traducido despois na versión galega dos *Miragres de Santiago* (PENSADO, ed. 1958: 208-211; LORENZO, ed. 2004: 117-119), na compilación de Bernardo de Brihuega e na súa tradución portuguesa (CEPEDA, ed. 1982: 331-333), así como na versión española (CONNOLLY, ed. 1990 [1991]; FIDALGO, 2005; FIDALGO – BREA, 2004). Ó mesmo tempo pasou ás crónicas latinas (HS: 191-193; CM: 286-287; CE: 349-350; HRH: 189-190) e destas a Afonso X e ás crónicas posteriores (PCG: 486b, l. 42-488a, l. 25; CC, ms. 1347: ff. 155r<sup>o</sup>a-156v<sup>o</sup>a; CC, ms. 7403: ff. 6r<sup>o</sup>a-6v<sup>o</sup>b; CG: 325-327; Cr. 1344, III: 313-315). Trátase do episodio do bispo grego Estevo, que foi en romaría a Santiago e quedou na cidade servindo a igrexa. Estando alí oíulles a uns peregrinos chamarlle cabaleiro ó apóstolo e recriminounos. Esa noite apareceu Santiago en soños, armado como cabaleiro e con dúas chaves na man, para comunicarlle que el era cabaleiro de Cristo, que axudaba os cristiáns contra os mouros e que con aquelas chaves abriría á mañá seguinte as portas de Coímbra para que pasase a poder de Fernando I (HS: 194, 205; CM: 293; CE: 351; HRH: 191; PCG: 488a, ll. 22-25; CC, ms. 1347: f. 157r<sup>o</sup>b; CC, ms. 7403: f. 7r<sup>o</sup>a; CG: 328; Cr. 1344, III: 315-316).

En relación coas peregrinacións a Santiago está o *Camiño de Santiago* ou *Camiño Francés*, é dicir, o camiño que percorrían os peregrinos cando ían a Compostela ou regresaban da súa romaría. O camiño de Santiago —ó que lle dedica o importante libro V o *Codex Calixtinus* (HERBERS – SANTOS NOIA, eds. 1998: 231-258), libro que foi traducido a varios idiomas, entre eles ó galego (LÓPEZ DÍAZ, trad. 2009 [2010]: 465-516; cf. indicacións das traducións na p. 465, n. 1)— cítase con frecuencia nas crónicas, aínda que con imprecisións, pois

8 Vid. tamén LÓPEZ FERREIRO (1899: 155-160).



algunhas delas parecen indicar que se reformou no tempo de Sancho II e non no de Sancho III, o Maior, de Navarra, que foi cando o conde Diego Porcel o desviou desde Nájera ata León e Astorga (*HS*: 179; *HRH*: 175; *PCG*: 473a, ll. 12-20; *CG*: 277; *Cr. 1344*, III: 245). Tamén sabemos que Afonso VI fixo ou renovou as pontes desde Logroño ata Santiago (*PCG*: 520b, ll. 13-16; *CC*, ms. 1347: f. 201r<sup>o</sup>b; *CC*, ms. 7403: ff. 31r<sup>o</sup>b-32v<sup>o</sup>a; *CG*: 405; *Cr. 1344*, III: 409).

Por ese *Camión*, e por outros, xa desde moi cedo comezaron as peregrinacións a Compostela e xa indiquei algunhas delas nas páxinas precedentes, pero nas crónicas moitas veces son só un pretexto para narrar outros feitos que teñen que ver coa fabulación e a fantasía dos cronistas ou das fontes que utilizan. Isto acontece con Luís VII de Francia, que decidiu ir a Santiago, non pola romaría en si, mais por outro motivo: casado cunha filla de Afonso VII, algúns con mala intención fixéronlle ver que a súa muller non era filla lexítima do Emperador, senón dunha barregá, e por iso finxiu ir en romaría para sabe-la verdade. Afonso VII saíu ó seu encontro a Burgos, foi con el ata Santiago acompañado dos seus fillos e do rei de Navarra. Á volta Luís VII confirmou que a súa muller era filla lexítima e, moi contento, volveu para Francia (*CE*: 398-400; *HRH*: 230; *PCG*: 656a, l. 16-658a, l. 40; *CC*, ms. 1347: ff. 380v<sup>o</sup>b-382r<sup>o</sup>a; *CC*, ms. 7403: ff. 140r<sup>o</sup>b-141r<sup>o</sup>a; *CG*: 695-697; *Cr. 1344*, IV: 212-214).

Outras romarías fantásticas están en relación co *Poema de Fernán González*, o Conde de Castela. Unha delas refírese a un conde de Lombardía que decidiu ir en romaría a Santiago e, ó pasar por Castela, quíxolle facer unha visita ó conde. Alí soubo que o tiña preso o rei de Navarra, que o enganara prometéndolle que o quería casar coa súa filla, a infanta dona Sancha. O conde foi a Navarra para velo, falou coa infanta para que tratase de liberalo e continuou despois viaxe a Santiago (*PCG*: 412a-b; *CG*: 131-132; *Cr. 1344*, III: 71-73). Noutra ocasión foi o rei de León quen prendeu o conde e dona Sancha, que xa o liberara en Navarra, finxiu ir en romaría a Santiago. En León, solicitou ve-lo conde antes de segui-la peregrinación e conseguiu liberalo intercambiando a súa roupa coa de Fernán González, que, vestido de muller, saíu da prisión (*PCG*: 420a-421a; *CG*: 150-152; *Cr. 1344*, III: 93-95).

Tamén no caso do conde García Fernández de Castela entran en xogo as lendas e os poemas épicos, pois o conde casou con dona Arxentina, filla duns condes franceses que ían en romaría a Santiago. Cando levaban seis anos casados, estando García Fernández enfermo, pasou por Castela outro conde francés que ía en romaría a Santiago e dona Arxentina marchou con el abandonando o con-

de, que non se conformou con isto e se vingou deles matándoos tras unha serie de peripecias propias dos cantares de xesta (*PCG*: 427a-428b; *CG*: 166-170; *Cr. 1344*, III: 116, 119-121).

Outra fantasía ten que ver coa lenda épica do Cide Campeador, ó que tamén se fai ir en romaría a Santiago para cumprir unha promesa. Indo de camiño entra en xogo o imaxinario, que é o que lle interesa ás crónicas, pois o Cide atopou un leproso, levouno consigo para a pousada, deulle de comer e deitouno na mesma cámara, ante a ollada desaprobadora dos seus cabaleiros. Este leproso, que resultou ser san Lázaro, apareceu en soños ó Cide e concedeulle dons extraordinarios polo ben que lle fixera (*CC*, ms. 1347: ff. 152r<sup>o</sup>a-153r<sup>o</sup>a; *CC*, ms. 7403: ff. 3v<sup>o</sup>a-4r<sup>o</sup>a; *CG*: 314-316; *Cr. 1344*, III: 303-305).

Finalmente, en relación con Santiago témo-la historia fabulosa de Carlomagno, que se contén no libro IV do *Codex Calixtinus* (HERBERS – SANTOS NOIA, eds. 1998: 193-229; LÓPEZ DÍAZ, trad. 2009 [2010]: 391-463) e está traducida na copia incompleta dos *Miragres de Santiago* (PENSADO, ed. 1958: 69-148; LORENZO, ed. 2004: 48-86). Nesta historia, supostamente escrita por Turpín, arcebispo de Reims, cóntase como Carlos, instigado polo apóstolo, chegou a Santiago e fixo toda unha serie de conquistas fabulosas na Península. Carlos, despois de someter moitas partes de Europa, viu un camiño de estrelas no ceo. Santiago Apóstolo aparécelle en soños para comunicarlle que Deus o escollera para liberar Galicia e o camiño do poder dos mouros. Tra-la liberación, e despois da súa visita ó lugar onde xacía o corpo santo, irían alá de tódalas terras e obterían o perdón dos seus pecados. O emperador entrou na Península, conquistou todo o territorio e despois foi en romaría ó sepulcro de Santiago, deulle as grazas ó apóstolo e don Turpín bautizou a tódolos galegos. Morou en Santiago tres anos e co ouro que lle deran os príncipes sarracenos enriqueceu a igrexa con todo o necesario. De volta a Francia, un rei mouro de África conquistou outra vez o territorio peninsular e tivo que volver para reconquistalo. Teñen lugar numerosas batallas, milagres e discusións filosóficas sobre a relixión e, unha vez derrotados os mouros, Carlos distribuíu as terras entre varios señores e despois volveu a Santiago en romaría, celebrou alí un concilio, estableceu que tódolos reis e príncipes de España e de Galicia obedecesen ó bispo de Santiago e concedeulle grandes privilexios á igrexa. Ó regresar para Francia tivo lugar a batalla de Roncesvalles, a traizón de Ganelón e a morte de Rolán, Baldovín e outros cabaleiros.

Fronte a esta adaptación de cantares de xesta franceses, nas crónicas latinas hai outras versións. A *Silense* só lembra que Carlomagno actuou en Zaragoza e

Pamplona e que Rolán e outros morreron nos Perineos (*HS*: 129-131). En cambio, Lucas de Tui fala das conquistas na parte oriental da Península, da morte de Rolán en Roncesvalles e da vinganza de Carlos, que despois visitou Santiago, conseguiu do papa que se convertese en igrexa metropolitana e destruíu a cidade de Iria por consello do rei Afonso II. Pasado o tempo rompeu a relación con Afonso II, loitou contra Bernaldo, sobriño do rei leonés, e contra os mouros, e máis tarde volveu a reconciliarse co rei Afonso e visitaron os dous Santiago (*CM*: 235-236, 246; *CE*: 287-288, 300-301). Ó contrario de Lucas de Tui, o arcebispo Ximénez de Rada nega rotundamente que Carlomagno conquistase España nin abrise o Camiño de Santiago nin estivese en Compostela, aínda que admite que estivo cando era novo co rei mouro de Toledo, e fala das conquistas na parte de Cataluña e da batalla de Roncesvalles (*HRH*: 126-130).

Se pasamos a Afonso X, que escribiu en galego, pero que non mostrou unha querenza especial por Santiago, cidade á que enviou autoridades espurias, vemos que lle dedica moitas páxinas a Carlomagno e repite totalmente os argumentos de Ximénez de Rada, aínda que nalgún momento trata de compaxinala versión de Lucas de Tui coa do arcebispo toledano, e non ten en conta nin o *Codex Calixtinus* nin a *Historia Compostellana*. Resulta bastante incompreensible que adopte unha postura tan negativa e non faga referencia ás versións fantásticas que circulaban por Galicia e que foron recollidas nas crónicas francesas medievais, e que, pola contra, admita sen crítica tódalas fábulas insertas nos cantares de xesta casteláns (entre elas a de Bernaldo do Carpio, incluída nas noticias que dá sobre o Emperador) e tódalas falacias sobre a suposta estadía de Carlomagno na corte do rei mouro de Toledo cando era mozo.

Así, indica como Carlos, descontento co pai, marchou a Toledo para servir ó rei Galafre, que tiña unha filla chamada Galiana. Galafre estaba en guerra co rei mouro Bramant, o cal cercou Toledo. Despois de moitos lances cabaleirescos Carlos matou o mouro coa súa espada *Joyosa* e gañou a espada *Durendart*. Ó morrer seu pai, Carlos regresou á súa terra para ser coroado rei e fíxoo ás agachadas, pois o rei de Toledo non o quería deixar marchar. Antes falou con algúns cabaleiros seus, que quedaron en Toledo para fuxir con Galiana e levala a Francia, onde se tornou cristiá e casou con Carlos (*PCG*: 340a-343a). Despois conta como conquistou Zaragoza, Pamplona e Barcelona (*PCG*: 344a, ll. 34-41; 347b, ll. 46-52; 349a, ll. 10-12).

Máis adiante entra en xogo a lenda de Bernaldo do Carpio con dúas versións diferentes, porque se indica que era fillo de dona Ximena, irmá de Afonso II (é a

versión de Ximénez de Rada) e ó mesmo tempo se di que algúns contan nos seus cantares e nas súas «fablas» que era fillo de dona Timbor, irmá de Carlomagno, a cal viña en romaría a Santiago e tivo relacións co conde San Díaz de Saldaña (*PCG*: 350a, l. 42-351a, l. 29). Na *Crónica* hai unha contradición, pois, por un lado, indícase que Afonso II criaba a Bernaldo coma un fillo para que fose o seu sucesor, debido a que el non tiña herdeiro (*PCG*: 351a, ll. 27-29) e, por outro, que, xa de vello, lle ofreceu a Carlos o reino se o axudaba contra os inimigos. O Emperador estaba en guerra cos mouros e foinos expulsando de toda a zona que conquistaran en Francia e tamén de Cataluña (Lucas de Tui engade Navarra). Aínda así, prometeulle axuda ó rei Afonso II, pero os nobres de León, e especialmente Bernaldo, opuxéronse rotundamente, polo que o rei tivo que renunciar á proposta. Carlos ameazouno e escribiulle esixindo que fose seu vasalo. Entón Bernaldo tomou unha grande parte da cabalería do rei e marchou a axudar a Marsil de Zaragoza, que estaba en guerra con Carlos. Este deixou de guerrear cos mouros e foi co seu exército contra os cristiáns, cercou Tudela, que non puido gañar pola traizón do conde *Galarón*, conquistou Nájera e chegou ós Montes Perineos, onde moraban uns poucos cristiáns mortos de medo. Cando o souberon en Biscaia e noutras zonas xuntáronse ó rei Afonso e saíron contra o Emperador, que deixou unha parte do exército ó pé dos montes, en Roncesvalles, para que gardasen a zaga, e seguiu coa súa hoste ata o alto do porto. O rei don Afonso e o rei Marsil de Zaragoza, con quen ía Bernaldo, cercaron ós franceses que quedaran na zaga. Tras unha feroz batalla venceu Afonso II e morreron alí Rolán e outros moitos cabaleiros famosos. Carlos quixo volver para axudalos, pero, ó ve-la súa xente desbaratada, tornou para Xermania coa intención de preparar outro exército e regresar a España (*PCG*: 352b, l. 40-354a, l. 19).

Despois a *PCG* fai unha longa disquisición ó falar da morte de Carlomagno para facer casa-las distintas versións que coñece. Seguindo a Ximénez de Rada pensa que Carlos, estando en Alemaña, foi adiando a volta a España e que morreu en Aquisgrán, mais non esquece a versión de Lucas de Tui, para quen, chegado a Alemaña, xuntou a súa xente e tornou para cercar a Marsil en Zaragoza, coa axuda de Bernaldo. Segundo esta versión, despois de vence-los mouros, fíxose outra vez amigo de Afonso II, volveu en romaría a Santiago e tornou para Francia levando con el a Bernaldo. Afonso X non cre nesta versión porque acha noutras historias que Bernaldo fixo en España moitas batallas no tempo de Afonso II e que morreu en España. Tamén lembra que algúns din nos seus «cantares et en sus fablas de gesta» que Carlos conquistou en España moitas cidades e que abriu



o camiño desde Alemaña ata Santiago (PCG: 356a, ll. 4-5), pero o rei de Castela só admite que conquistou en Cataluña catro cidades e que todo o resto que lle atribúen non é de crer, porque «más deue omne creer a lo que semeia con guisa et con razón de que falla escritos et recabdos, que non a las fablas de los que cuentan lo que non saben» (PCG: 356b). Seguindo sempre a Ximénez de Rada, considera que o único certo é que foi vencido en Roncesvalles e que é falso que abrise o Camiño de Santiago cando non pasou o porto, pois moito despois foi aberto e po-boado (PCG: 356b, ll. 35-38). O único que lle parece admisible é que puido facer algunha fazaña cando estivo con Galafre en Toledo (PCG: 355b, l. 1-357a, l. 22).

Máis elucubracións temos nos manuscritos *E* e *U* da historia afonsina, que seguen coas fantasías e din que, cando sacaron a Carlos de Francia por temor ós seus irmáns, os fillos da serva, e o levaron a Toledo, puido facer prol para arranxalo Camiño de Santiago. Despois contan que máis tarde, cando el xa estaba en Francia casado con Sevilla Galiana, o rei de Toledo, enfermo de morte, o mandara chamar para darlle o reino, que el saíu de Francia cun grande exército e que, estando xa aquén dos Perineos, lle chegou mandado de que un mouro lle entrara en Alemaña e destruíra a cidade de Coloña, polo que regresou para defendela. Por iso pensan que naquela vinda tamén podería ter arranxado o Camiño de Santiago (PCG: 356-357 n.).

Como vimos, Santiago está presente con frecuencia nas crónicas medievas, pero a desgraza de que Galicia non fose un reino independente privounos de que tivésamos crónicas propias na Idade Media que desenvolvesen tódolos acontecementos que sucederon arredor da cidade e en todo o noso territorio.

### Bibliografía

- CARRO GARCÍA, J., ed. (1951): *Corónica de Santa Maria de Iria (Códice gallego del siglo XV)*, Santiago de Compostela: CSIC, Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos.
- CATALÁN, D. (1992): *La Estoria de España de Alfonso X. Creación y evolución*, [Madrid]: Fundación Ramón Menéndez Pidal-Universidad Autónoma de Madrid.
- CC: *Crónica de Castilla*, ms. 1347 (ant. F-42) da Biblioteca Nacional de Madrid // ms. 7403 (ant. T-186) da Biblioteca Nacional de Madrid.
- CE: PUYOL, J., ed. (1926): Lucas, obispo de Tuy, *Crónica de España*. Primera edición del texto romanceado, conforme a un códice de la Academia, Madrid: Real Academia de la Historia.

- CEPEDA, I. VILARES, ed. (1982): *Vidas e Paixões dos Apóstolos*, Lisboa: Instituto Nacional de Investigação Científica, Centro de Linguística da Universidade de Lisboa, t. I.
- CG: LORENZO, R., ed. (1975): *La traducción Gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Edición crítica, con introducción, notas, índice onomástico y glosario, Orense: Instituto de Estudios Orensanos «Padre Feijoo», vol. I.
- CM: FALQUE REY, E., ed. (2003): *Lucae Tvdensis, Chronicon Mvndi*, Turnhout: Brepols Publishers.
- CONNOLLY, J. E., ed. (1990 [1991]): *Los Miraglos de Santiago (Biblioteca Nacional de Madrid, MS 10252)*, Salamanca: Universidad.
- Cr. 1344: CINTRA, L. F. Lindley, ed. (1954 [II], 1961 [III], 1990 [IV]): *Crónica Geral de Espanha de 1344*. Edição crítica do texto português, Lisboa: Academia Portuguesa da História.
- Cr. 1404: *Crónica Galega de 1404*, ms. B. 2278 da Hispanic Society of America [a edición dunha parte está na tese de doutoramento inédita de J. I. PÉREZ PASCUAL: *Crónica de 1404*, Salamanca: Universidad de Salamanca, Facultad de Filología, Departamento de Lengua Española, 1990].
- FALQUE REY, E., ed. (1988): *Historia Compostellana*, Turnholt: Typographi Brepols Editiones Pontificii.
- , trad. (1994): *Historia Compostelana*. Introducción, traducción, notas e índice, Madrid: Akal.
- FERNÁNDEZ-ORDÓÑEZ, I. ed. (1993): *Versión crítica de la Estoria de España. Estudio y Edición desde Pelayo hasta Ordoño II*, Madrid: Fundación Ramón Menéndez Pidal-Universidad Autónoma de Madrid.
- FIDALGO, E. (2005): «Sobre las fuentes de los *Miraglos de Santiago*», *Bulletin of Hispanic Studies* 82, 3, pp. 293-212.
- FIDALGO, E. – M. BREA (2004): «Versiones iberorrománicas de los *Milagros de Santiago*», in J. M. Cacho Bleuca – M<sup>a</sup> J. Lacarra (eds.): *Tipología de las formas breves románicas medievas*, Zaragoza-Granada: Universidad de Zaragoza-Universidad de Granada, vol. III, pp. 183-211.
- HERBERS, K. – M. SANTOS NOIA, eds. (1998): *Liber Sancti Jacobi. Codex Calixtinus*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago.
- HRH: FERNÁNDEZ VALVERDE, J., ed. (1987): *Roderici Ximenii de Rada, Historia de rebus Hispanie sive Historia Gothica*, Tvrnholti: Typographi Brepols Editores Pontificii.

- HS: PÉREZ DE URBEL, J. – A. GONZÁLEZ RUIZ-ZORRILLA, eds. (1959): *Historia Silense*, Madrid: CSIC, Escuela de Estudios Medievales.
- LÓPEZ DÍAZ, X., trad. (2009 [2010]): *Códice Calixtino. O Códex Calixtinus en galego*, Santiago de Compostela-Vigo: Xacobeo 2010 Galicia-Edicións A Nosa Terra.
- LÓPEZ FERREIRO, A. (1899): *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, Santiago: Imp. y Enc. del Seminario Conciliar Central, vol. II.
- LORENZO, R. (1999): «A visión de Galicia na *Crónica Xeral Galega* e noutras *Crónicas* medievais», in D. Kremer (ed.): *Actas do V Congreso Internacional de Estudos Galegos. Universidade de Tréveris, 8-11 de outubro de 1997*, Trier: Galicien-Zentrum der Universität Trier, vol. II, pp. 575-606.
- , ed. (2004): *Mirages de Santiago. Milagres de Santiago. Milagros de Santiago*, Valencia: Scriptorium, S. L. Ediciones Limitadas.
- PCG: MENÉNDEZ PIDAL, R., ed. (1955): *Primera Crónica General de España que mandó componer Alfonso el Sabio y se continuaba bajo Sancho IV en 1289*, Madrid: Gredos.
- PENSADO, J. L., ed. (1958): *Mirages de Santiago. Edición y estudio crítico*, Madrid: CSIC, Instituto «Miguel de Cervantes».
- SOUTO CABO, J. A., ed. (2001): Rui Vasques, *Crónica de Santa María de Iria*, Santiago: Cabido da S.A.M.I. Catedral de Santiago-Seminario de Estudos Galegos.